

AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL CURSO 2017-18 INSTRUCCIÓN

Para o alumnado de **Educación Primaria** e Educación Secundaria Obrigatoria con unha renda per cápita familiar* (por cada membro da unidade familiar) igual ou inferior a 9.000 euros.

MATERIAL:

Todo o alumnado de Primaria (de 1º a 6º) con renda per cápita menor a 5.400€ pode solicitar **axuda de material de 50€**.

LIBROS:

- 1º e 2º Cursos:** Terán axudas con vale (para mercar directamente nas librerías). Con renda menor de 5400€ axuda de 170€, e con renda entre 5400 e 9000€ axuda de 90€.
- 3º e 4º Curso:** poden solicitar libros do fondo do colexio.
- 5º e 6º Curso:** poden solicitar libros do fondo do colexio.
- As solicitudes das axudas irán nun **único impreso**, tanto de material e libros como a de varios irmáns.
- O alumnado ten a obriga de **conservar en bo estado os libros de texto** adquiridos na súa integridade con cargo ao importe das axudas, así como **incorporalos**, ao rematar o curso escolar 2017/2018 (xuño ou setembro, segundo o caso), **ao fondo solidario** que se constituirá no centro (banco de libros). Exclúese desta obriga ao alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria, por ser material funxible.
- Para poder beneficiarse destas axudas, o alumnado que estea empregando libros do Fondo do colexio no presente curso 16-17, deberán entregalos en bo estado ao remate deste curso escolar. Se non se fai a entrega, implicará a denegación da axuda (a excepción do alumnado de 1º e 2º).

Prazo de presentación.

Remata o 23 de xuño 2017.

Documentación necesaria:

- Anexo I cuberto e asinado por todos o membros.
- Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- Sentenza xudicial en caso de separación.
- Certificado no caso de que se alegue minusvalía a partir dun 33% dalgún dos membros da unidade familiar.

Máis información e instancias:

- DOG: Orde do 16 de maio de 2017 (DOG do 22 de maio)
- www.edu.xunta.gal
- Na páxina web do centro.
- No Colexio.

*Para os efectos do cálculo da renda familiar, sumarán os recadros 380 (base impositiva xeral) e 395 (base impositiva do aforro) da declaración da renda do 2015 e dividirase polo número de membros. Este cálculo faíno automaticamente o programa informático, polo que non é necesario que traian ningún papel da renda.